

20
10

DIA DAS LETRAS GALEGAS

UXIO

NOVONETRA



XOSÉ LUÍS MÉNDEZ FERRÍN Presidente da Real Academia Galega

“O mellor Novoneyra está nas Elexías e no Vietnam Canto”

Francisco X. Castiñeira

■ O actual presidente da Real Academia Galega, Xosé Luís Méndez Ferrín (Ourense, 1938), é un dos principais especialistas da obra de Uxío Novoneyra, o autor que este ano recibe a homenaxe no Día das Letras Galegas. Máis alá da amizade que compartiron os dous, o responsable da RAG destaca a gran figura literaria do poeta do Courel e a súa extraordinaria sensibilidade para a poesía, incluída a obsesiva perfección do autor d’Os Eidos por non dar case que nunca unha composición por acabada. Na súa obra “De Pondal a Novoneyra”, Ferrín fai un percorrido pola poesía galega de posguerra onde o poeta de Parada de Moreda se sitúa ao mesmo nivel que o bardo. Porén, o presidente da Academia cre que o Novoneyra definitivo non está n’os Eidos, senón no Viet Nam Canto ou nas Elexías do Caurél.

—Quen foi o poeta lucense Uxío Novoneyra e que representa para as letras galegas?

—Foi una presenza luminosa no panorama literario e poético das letras galegas, ademais formou parte dos grupos que converteron o nacionalismo galego en culturalista.

Vivía profundamente o mundo da aldea e tiña unha visión contemplativa dese mundo, nada operativa

—Novoneyra está considerado como o poeta do Courel, pero tamén hai que consideralo como o poeta das cidades. Que opina vostede?

—Pois si. Novoneyra era tremendamente urbano. Era unha das persoas que eu coñecía menos aldeás que podemos imaxinar. Onde el gozaba era nas rúas. Eu nunca estiven en ningunha aldea con Novoneyra, nin sequeira na súa. Durante a miña amizade con el coincidín en Vigo, Santiago, Madrid... el era moi urbano. Creo que non sabía cultivar unha horta, nin era cazador nin montaraz. Nunca colleu unha escopeta na man. O que si é que el vivía profundamente o



+ Xosé Luís Méndez Ferrín mantivo unha estreita relación con Uxío Novoneyra

SUSY SUÁREZ

mundo da aldea e tiña unha visión contemplativa dese mundo, nada operativa. Non sabía podar unha árbore.

—Non se pode reducir entón a poesía de Novoneyra á paisaxe da montaña lucense, tamén hay que destacar as cidades.

—Lugo, Madrid, Monforte, A Coruña... O que son as cidades galegas tamén formaban parte do seu mundo. Portugal non o coñecía, creo que o levei por primeira vez alí cando el xa era maior. Era pouco viaxeiro. Pero Madrid coñecía en profundidade ao igual que as vilas e cidades de Galicia.

—O feito de que non fose unha persoa viaxeira non foi obstáculo para que tive-

se unha visión do mundo global?

—Si. El coñecía o mundo a través fundamentalmente das poesías. Era un gran coñecedor dos fondos poéticos da Biblioteca Nacional de Madrid, por poñer un caso moi concreto. Durante uns anos foi o responsable do programa “Últimas palabras” que se emitían pola Televisión Española e que viña sendo un poema que seleccionaba e recitaba o propio Novoneyra, escollido precisamente dos fondos da Biblioteca.

—Cando comezou Novoneyra a pensar que o seu futuro literario era como poeta?

—Penso que na súa primeira estancia en Madrid, en 1948,

cando foi a estudar Filosofía e Letras, carreira que non culminou porque iniciou a súa formación como poeta.

—Por que optou pola poesía e non pola narrativa? Vía máis na poesía un compromiso co mundo?

—Non o sei. Cando coñecía a Novoneyra era unha das poucas persoas que era só poeta. Nin profesor e poeta nin xornalista e poeta.

—Tamén era rapsodo, gran recitador de poesía.

—Iso forma parte da súa persoa e tamén orador, pero sempre dentro dunha dirección poética. O que si era un gran lector, sobre todo de Filosofía, case non lía novelas, narrativa en xeral. El era poeta. Como recitador non

se prodigaba moito, pero cando o facía era un espectáculo. Decía todo dunha forma moi rebuscada, deformaba os fonemas, todo de tal maneira que outro que fixese o mesmo que el facía o ridículo, pero en Novoneyra eran grandes recurso comunicativos

—Martin Heidegger foi dos seus filósofos favoritos nun determinado momento.

—Certo. Empezou lendo a Heidegger, pero felizmente foise desprendendo da súa compañía e cambiouno por Karl Marx.

—Como foi a recepción social d’Os Eidos en Galicia. A súa repercusión no mundo literario.

—Podemos dicir que foi o máis parecido a clamorosa. Lembro de rapaz de ver todas as librerías co libro d’Os Eidos nos escaparates. É verdade que naquela época franquista os libros galegos estaban nos escaparates, cousa que hoxe non se produce. Só hai que botar unha ollada ás mellores librerías de calquera cidade galega para ver que os libros galegos non están á vista nos escaparates e se o están é moi discretamente situados. Naquela época os libros galegos aparecían nas boas librerías. Un paradoxo, pero é así. A aparición d’Os Eidos foi moi comentada e

Cando o coñecía era das poucas persoas que só era poeta. Nin profesor e poeta nin xornalista e poeta

moi apreciada entre toda a sociedade cultural.

—Pensa que Os Eidos eclipsou o resto da obra literaria de Novoneyra?

—Non. O que sucede e que se forman ideas simplistas dos escritores. Algo que pasa moito. Por exemplo, Camilo José Cela é un gran poeta, pero iso case ningún o sabe, así que Novoneyra é o autor d’Os Eidos para a maioría. Porén, tamén é o autor das Elexías, dos poemas caligráficos... Desde o meu punto de vista o Novoneyra definitivo non está nos Eidos, senón no Vietnam Canto. El contribuíu moito a que se formase esa idea simplista porque durante una tempada moi longa da súa vida dixo

Apoiaba a moita xente nova

Xosé Luís Méndez Ferrín describe a vida que mantivo Uxío Novoneyra en Madrid e a súa relación coa xente que frecuentaba. “Non pasei moito tempo con el en Madrid porque eu xa non vivía alí, só ía de vez en cando”, aclara. “Pero a vida de Novoneyra transcorría entre a súa navegación pola poesía da Biblioteca Nacional, as discusións que mantiña cos seus amigos

no café Gijón e nos seus paseos”, comenta. Un dos seus amigos naquel momento era Carlos Oroza, un poeta que apareceu no mundo literario grazas á mediación de Novoneyra. Outro dos amigos era Francisco Umbral, que por aquel momento se incorporaba ás tertulias do café Gijón, e “deulle o seu apoio”. “Hai que dicir que Novoneyra apoiaba a moita xente nova, como ao pintor Tino

Grandío, outro dos que frecuentaba o local. Entre os españois Novoneyra tiña amizade co pintor Manuel Viola ou Buero Vallejo. Por suposto mantiña sobre todo unha gran relación con seus amigos galegos, como Raimundo Patiño, Herminio Barreiro... os procedentes do grupo Brais Pinto. Aínda que naquel momento do grupo eu non coñecía a Novoneyra”, relata.



que non escribiría nada máis que Os Eidos, un, dous... infinitamente. Despois el deuse conta de que había máis Novoneyra que ese, o d'Os Eidos. Con todo, aparecen as Elexías, que é onde está o mellor poeta.

—Era entón un poeta pausado e reflexivo, revisionista da súa obra?

—El nunca considerou acabado nada, nin sequera as Elexías. Algún vez deuse conta de que entraba nunha nova dimensión, que foi con Vietnam Canto, pero tampouco a explorou moito porque sabía que iso era irrepitible, que non se podía facer máis que un Vietnam Canto e tivo o acerto de non forzalo e de deixar así o poema.



—Como foi o contacto de Novoneyra con Ramón Piñeiro e o paso da saudade á acción

—El nunca dependeu totalmente de Piñeiro. Desde moi novo iniciouse no galeguismo da man de Carlos Maside que era marxista. Pero a influencia de Piñeiro existiu porque ten poemas da saudade que son un reflexo da súa etapa heideggeriana e piñeirista, aínda que despois seguiu fluíndo pola súa conta. Algo que Piñeiro nunca lle perdoou. Hai unhas cartas terribles de Piñeiro a Basilio Losada nas que acusa a Novoneyra de orientalista, que no argot interno de Ramón Piñeiro quere dicir comunista, algo que para o lancarao era un mal. Todos os escritores

Nunca dependeu de Piñeiro. Desde moi novo iniciouse no galeguismo da man de Maside, que era marxista

da miña xeración eramos de esquerdas e acabamos rompendo con Piñeiro, que morreu rodeado de novas amizades, as vellas desapareceran.

—Novoneyra tivo conflitos entón co sector galeguista da Editorial Galaxia?

—Non. Novoneyra publicou o seu primeiro libro en Galaxia, pero Galaxia non era todo, había máis mundo, non se necesitaba de Galaxia para ser Novoneyra, polo que non tivo ningún conflito, separouse de xeito unilateral sen dar ningunha explicación.

—Como cualificaría o paso de Novoneyra pola Asociación de Escritores en Lingua Galega?

—Moi bo. Pedímoslle que se fixese cargo da asociación cando a deixou Bernardino Graña e el aceptou. Non esquecerei nunha aquela noite no bar das Almas perdidas, no Berbés de Vigo, entre as tres ou catro da mañá cando finalmente se convenceu e dixo que aceptaba a presidencia no que era para el o seu primeiro compromiso político que ía ter na súa vida. Cumpriuno ben e nunha etapa difícil (desde 1982). Naqueles momentos a Real Academia Galega non asumía as funcións para as que fora creada desde os precursores, e Novoneyra asumiu esa función, conduciu aos escritores galegos á ocupación destes salóns da Academia para esixirlle á institución que estivese á altura da his-

O novo decreto do galego é moi lesivo para o idioma, un retroceso e ao mesmo tempo é moi radical



+ O presidente da Real Academia Galega comenta os aspectos da literatura de Novoneyra

toria. Novoneyra petou na porta da Academia para abri-la á sociedade, aínda que morreu antes de ser académico. Non se lle abriu a porta de ingreso, como a Luis Seoane.

—“De Pondal a Novoneyra” é o título dunha obra súa sobre poesía galega desde a Guerra Civil.

—Escollo a Novoneyra como un símbolo da miña xeración, porque ademais de ser un gran poeta é unha grande figura pública, referencial. E estase demostrando: escríbese tanto da súa figura poética como da súa vida pública. É un facho de luz.

—Uns versos de Novoneyra dedicados aos seus fillos din que quedarán sen o seu futuro, poden referirse ao idioma galego?

—Non sei o que queredes dicir, máis alá do biolóxico, pero el estaba preocupado como estamos todos polo idioma, empezando polos seus fillos.

—Cando deixaremos de estar preocupados polo idioma galego?

—Nunca. Só razóns políticas farán que a lingua deixe de ser unha preocupación.

—Que opinión lle merece a continua baixada de falantes do idioma galego

que reflicten sempre as estatísticas?

—Desde que Vasco da Ponte no século XV escribe en castrapo o galego non para de perderse. De todas maneiras o índice de



autodio, que non se mide, desaparece e cada vez máis se fala galego con altafalante, con satisfacción, e se deixa de falar en baixiño. Por outro lado, hai fortes correntes de recuperación da lingua, pero é máis intensa a da perda que a da recuperación. Hai

que protexer a lingua desde as instancias públicas.

—E as novas correntes de protección do castelán que aparecen en Galicia?



—Iso é unha falsidade total. O castelán en Galicia non corre perigo. O que hai é unha fobia antigalega dunha minoría, pero moi considerable. É o complexo de Michael Jackson, hai xente que non quere ser galega.

—Que opinión lle merece o novo decreto do galego ou do plurilingüismo?

—É moi lesivo para o idioma ademais dun retroceso e, ao mesmo tempo, é moi radical. A Xunta actual non ten unha maioría tan forte como para impoñer esa norma. Enfrontarse así, un só partido, contra a sociedade enteira, incluídas as faccións contrariaras do PPdeG, para min é temerario. Ese decreto está destinado a ser derogado. O informe da Real Academia sobre o decreto, no que eu non participei, é excelente e a institución estivo á altura da historia no su relatorio.

—Como ve o seu mandato á fronte da Real Academia Galega?

—Ben. Non teño experiencia en cargos, o cal penso que é unha vantaxe.



UXÍO NOVONEYRA EN XERAIS LETRAS GALEGAS 2010

xerais@xerais.es • <http://www.xerais.es>

en galego todo o tempo